

## EDUCACIÓN INFANTIL

### 5 ANOS

Propóñovos as tarefas para esta semana, aproveitando que os nenos e nenas teñen os libros nas casas. Esta semana imos comezar libro novo, o libro 6!

Non obstante, non esquezades tratar de ler un pouquiño todos os días e facer algunha suma ou resta tres ou 4 días á semana.

Tendes organizadas por días as tarefas e ao final, unhas folliñas de lectura e matemáticas para que vaian facendo ao mesmo tempo.

#### LUNS 11 DE MAIO

- Lámina 01. Colorea á persoa que cres que quere ser científica. Despois, pega a pegatina que aparece ao final do libro no lugar que corresponde.
- Lámina 03. Repasa as liñas

#### MARTES 12 DE MAIO

- Lámina 02. Colorea os instrumentos que che parece que nos pode axudar a coñecer o universo e o mundo no que vivimos. Despois, pega a pegatina para completar o que creas que se proxecta na pantalla.
- Lámina 03 reverso. Repasa os trazos. Na última fila terás que trazalos ti soa.

#### MÉRCORES 13 DE MAIO

- Lámina 04. Coloca unha pegatina coa cara contenta nas accións que están ben feitas (a da luz acendida cando a nena está traballando e a do neno que ten pechada a billa cando está a

lavar os dentes) e unha cara triste nas que cres que non están ben feitas. Despois, coloreas as axeitadas.

- Lámina 05. Escribe nos cadrados a orde que ocupan as persoas da fila (1º, 2º, 3º, 4º... ata o 10º). Despois decora a roupa das persoas que van de 1º e de 10º. (Como xa coloreaches na folla anterior, nesta poder decorar a roupa con puntiños, raias... como máis che guste).

#### XOVES 14 DE MAIO

- Lámina 05 Reverso. Conta e rodea 5 astronautas coa cor gris, 10 con azul, 7 con vermello e 8 con verde. Despois, escribe cada número no recadro da mesma cor.

- Lámina 06. Fíxate na nebulosa e debuxa ti mesma/o unha. Pódelo facer empregando e mesturando diferentes cores.

#### VENRES 15 DE MAIO

- Lámina 07. Repasa os trazos


- Lámina 08. Remata de colorear o noso planeta coas cores azul e marrón (auga e terra, respectivamente). Despois corta anacos de papel de aluminio e pégaos na lúa (tamén vale calquera outro tipo de papel senón dispós preto deles). Por último, pega as pegatinas das estrelas a redor do planeta terra e da lúa.

Nas últimas páxinas deste documento atoparás tamén unha serie de propostas divertidas para facer ao longo desta semana se che apetece.

Igual que no documento de música, onde tes vídeos de cancións para cantar, bailar e discriminar auditivamente.

Sumas

(Fíxate ben, porque nalgunhas delas os resultados pasan de 10 e cando iso pasaba... gardabamos 10 na cabeza e seguíamos contando a partir de aí... recordades?)



$$\begin{array}{r} 3 \\ + 1 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 9 \\ + 1 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 2 \\ + 2 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 7 \\ + 2 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 6 \\ + 3 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 1 \\ + 3 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 9 \\ + 2 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 7 \\ + 3 \\ \hline \end{array}$$


$$\begin{array}{r} 4 \\ + 1 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 1 \\ + 7 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 7 \\ + 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 5 \\ + 4 \\ \hline \end{array}$$

## Restas



$$\begin{array}{r} 9 \\ - 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 8 \\ - 4 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 5 \\ - 1 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 10 \\ - 6 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 5 \\ - 2 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 9 \\ - 7 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 8 \\ - 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 7 \\ - 4 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 3 \\ - 2 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 4 \\ - 3 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 5 \\ - 1 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 9 \\ - 8 \\ \hline \end{array}$$

Lectura

(Unha letriña máis, a F!)



F

f



fa fe fi fo fu  
Fe Fi Fu Fe Fa


feo , la foto , el sofá , los fideos  
la fila , la fama , Filo , Sofía ,  
la familia , el filete , el folio ,  
la fiesta , el teléfono , la fuente ,

Felisa fue a la fiesta.

Felipe puso los fideos.

Pili es famosa.

Por el sofá en la sala.



Esta elefanta no es fea.

Estas son as actividades de repaso




La luna




las manos



el dos



el dado



la tele



el pato



La diadema




el dedo




El pan



el uno



El mono



un molino



El piano



el peine

7

el siete




un tomate



la seta



el pito



El elefante



la falda



Un delfin



una fila



Un indio



los dientes



Los pantalones



la maleta



La sandalia



la sandía



La foto



el sofá



El filete



el teléfono




### 3 e 4 ANOS

Como a semana pasada, para esta semana tamén vos proponho que os nenos e nenas vaian facendo no seu libro ao seu ritmo, segundo lles apeteza (1, 2 ou 3 tarefas por día). Se hai algún día que non lles apetece non pasa nada, xa o farán outro día que teñan máis ganas.


**Gustaríame que me forades informando do que van facendo**, de se rematan un libro, se queren máis actividades, se precisan máis material... para tratar eu de dar resposta ás vosas demandas. Tendes o meu teléfono, así que calquera cousiña estamos en contacto.

Así pois, esta semana propoñovos que fagan dúas páxinas dos libros que lles mandei por día (luns, martes, mércores, xoves e venres). A maiores, déixovos aquí algunhas actividades por se lles apetece facer.

IMPRIME, CALCA OU COPIA O DEBUXO DA FRESA. COLORÉAA, DE VERDE E ROSA. DESPOIS RECÓRTAA E DÓBLAA POLA LIÑA DE PUNTOS PARA QUE CHE QUEDE ALGO PARECIDO A ISTO



DEBUXAMOS A PARTIR DUN CÍRCULO. Comeza debuxando un círculo e pouco a pouco vaille engadindo, con axuda dos da casa, os detalles que che vai dicindo (ollos, patas, pinzas...) Serás quen de conseguilo?



CON DOUS TUBOS DE PAPEL HIXIÉNICO PODES CREAR E CONSTRUÍR MOITAS COUSAS, ENTRE ELAS UNS BINOCULARES COS QUE PODERÁS VER UN MONTÓN DE COUSAS. SÓ TES QUE UNILOS CON CINTA ILLANTE OU CELO, POÑERLLE UN CORDEL PARA COLGALOS E DECORALOS (pegándolles pegatinas, coloreándoos con rotulador... o que che se ocorra!)

Déixoches aquí algúns modelos!



DE SEGURO QUE ESTES DÍAS NO CAMPO TES VISTO ALGÚN QUE OUTRO CARACOL. Tes algún plato ou cartón na casa? Imos a facer un caracol. Terás que coller un plato de plástico ou recortar un cartón en forma redonda, recortar anaquiños de papel e pegalos sobre el, que será a cuncha do caracol. Despois, só che queda facerlle a súa cabeza!



E SE COMO A SEMANA PASADA... FACEMOS UNHA RECEITA? PERO DESTA VOLTA DAS QUE SE COMEN

Para iso terás que coller unha ou varias pezas de fruta e deixar voar a túa imaxinación. Logo probalas e darlle unha probiña aos da casa. Eu déixoche aquí algunhas ideas, para que vaias pensando!



Con plátano



con melocotón natural



con mandarinas



Con uvas e laranxa



cunha mazá



con plátanos, kiwis e laranxas